

Bloque

O Rosal

Número 53. Epoca 1ª / Abril 2011

“ O BNG é a verdadeira alternativa. A única forza política que elabora propostas positivas para a veciñanza ”

Impreso postal sen enderezo

Coa túa forza hai futuro para O Rosal

É vital que o BNG acade unha maior representación. Está na túa man

Na actual situación de crise económica, na que nin o goberno central, nin a Xunta, nin o goberno municipal, foron quen de poñer en practica políticas que dinamicen a economía, no BNG asumimos a responsabilidade de estar ao lado da sociedade. Somos os únicos que non compartimos o modelo económico imperante. Apostamos pola economía produtiva fronte a especulativa. Pómonos ao lado dos traballadores e traballadoras, dos autónomos e dos pequenos e medianos empresarios e empresarias.

Consideramos, polo tanto, que dende o goberno local tamén podemos e debemos adoptar medidas encamiñadas á reactivación da economía e creación de emprego. Queremos que teñan carácter prioritario e imos dirixilas, especialmente, aos sectores da poboación máis afectados pola crise: persoas paradas de longa duración, mulleres, mozos e mozas. Nese sentido, apostamos pola creación de viveiros de empresas ligadas aos sectores produtivos locais; á creación de plans de promoción do turismo e do

comercio local; ao impulso da industria agroalimentaria; ou a dotación de chan industrial, para o que imos demandar a consecución do Polígono Industrial co fin de dar alternativas ás empresas da zona.

Tamén defendemos os servizos públicos. O seu mantemento, ampliación e mellora será obxectivo do noso goberno. A dotación de terreos para a promoción de vivendas de protección pública, que permitan o acceso a unha vivenda digna aos sectores sociais máis desfavorecidos. En definitiva, a mellora na calidade de vida para os veciños e veciñas do Rosal.

O noso candidato, Alberte Alonso Pereira, é unha persoa cunha longa traxectoria política e con experiencia no eido da política municipal. Ademais está respaldado por un grupo de homes e mulleres con capacidade, pero sobre todo, comprometidos co Rosal. Que traballan e aportan propostas para solucionar os problemas da veciñanza. Así se se puxo de manifesto no mandato que agora remata. Só o BNG demostrou que temos proxecto de futuro para O Rosal.



Alberte Alonso Pereira, candidato do BNG á alcaldía do Rosal

Somos a verdadeira alternativa de goberno e a única forza política que elabora propostas positivas para a veciñanza.

O vindeiro 22 de maio, os veciños e veciñas do Rosal elixiremos unha nova corporación municipal. Hai catro anos, o PP acadou unha maioría que lle permitiu gobernar ao seu antollo, sen contar con ninguén, nin co BNG nin coa cidadanía. En definitiva, sen ter en conta as necesidades da xente.

Agora, temos unha nova oportunidade para forzar cambios na política municipal. Para iso é vital que o BNG acade unha maior representación. Está na túa man.

Edita: BNG O Rosal



www.bng-galiza.org
orosal@bng-galiza.org

Propostas para cambiar

Neste momento de crise económica, o BNG prioriza as medidas encamiñadas á reactivación da economía e á creación de emprego no seu programa electoral. Estas medidas dirixiranse, especialmente, aos sectores da poboación máis afectados pola crise: persoas paradas de longa duración, mulleres, mozos e mozas...

Non por iso esquecemos outras cuestións, que tamén abordamos nesta escolma de obxectivos e compromisos para cambiar e mellorar O Rosal desde o goberno municipal.

1.- Creación de emprego e desenvolvemento local, unha prioridade para o BNG

- Crearemos un viveiro de empresas vinculado aos sectores produtivos do Rosal (agroalimentario, forestal, viti-vinicola, pesca do Miño, ...), facilitando a súa iniciación e consolidación.
- Elaboraremos un Plan de desenvolvemento local que fomente o cooperativismo e o apoio ás empresas que completen o ciclo produtivo no Rosal.
- Demandamos da Xunta a execución do Polígono Industrial.
- Crearemos e potenciaremos unha feira ou mercado tradicional semanal.
- Programaremos unha escola obradoiro, onde se desenvolvan e potencien iniciativas locais de emprego.
- Poremos en marcha un Plan de promoción do turismo e do comercio local.
- Estabeleceremos convenios de colaboración coas Comunidades de Montes.

2.- Por un urbanismo e unha ordenación do territorio ao servizo das maiorías, respectuoso cos valores naturais e patrimoniais

- Modificación do novo PXOM, adaptando o crecemento urbanístico ás necesidades reais de vivenda e pondo en valor o territorio, as potencialida-

des ambientais, agrícolas, forestais e do patrimonio. Faremos prevalecer o interese público por riba do privado.

- Humanización da Praza do Calvario, converténdoa nun espazo para a veciñanza. Crearemos zonas de aparcamento no contorno próximo á praza para solventar o problema de aparcamento.
- Deseño urbanístico e execución da zona de Barbuntín, como un proxecto estratéxico no núcleo urbano.
- Oferta de terreos para promoción de vivendas de protección pública, co fin de facilitar o acceso a unha vivenda digna aos sectores máis desfavorecidos.
- Dotación de espazos públicos de lecer nos diferentes barrios.
- Apoiaremos a rehabilitación de vivendas.

3.- Melloras na sanidade e acción social

- Demandaremos da Consellaría de Sanidade a consulta de pediatría diaria e que se cubra a praza de comadroua no Centro de Saúde.
- Solicitaremos a mellora nas dotacións materiais e humanas do Centro de Saúde do Rosal.
- Solicitaremos ampliación e mellora dos servizos do Centro de Referencia da Guarda.
- Reclamaremos o servizo dunha ambulancia medicalizada para o Baixo Miño.
- Creación do Consello Municipal de Saúde.
- Defensa do mantemento do Centro de Información a Muller. Apoio ás mulleres maltratadas.
- Plan de Integración das persoas dos sectores máis desfavorecidos.
- Fomento dunha educación non sexista, contra a marxinação e a exclusión.
- Colaboración coas asociacións de discapacitados da comarca.

4.- O Agro: un sector con futuro

- Apoio ás empresas innovadoras que rematen o ciclo produtivo no Rosal.
- Apoio á formación de novos agricultores e agricultoras.
- Reserva de terreos para usos agrícolas.
- Elaboración dun Plano de fomento e desenvolvemento do cooperativismo.

5.- Cultura e normalización lingüística

- Crearemos o Consello Municipal de Cultura.
- Apoio ás asociacións que traballan no eido cultural.
- Promoveremos actividades culturais nas parroquias, dándolles uso aos locais municipais existentes.
- Asinaremos un Convenio de colaboración coa Agrupación Musical do Rosal.
- Elaboraremos un Catálogo do Patrimonio Arqueolóxico, así como un plano para a súa recuperación e divulgación.
- Promoveremos o incremento do uso e prestixio do galego nos distintos ámbitos e sectores sociais.
- Apoio ás ensinanzas musicais e artísticas.

6.- O medio ambiente, un valor a defender

- Promoción dun Plan Integral de protección do río Carballas e da ribeira do Miño.
- Colaboración coas Comunidades de Montes e coas asociacións naturalistas.
- Coordinación coas demais administracións na prevención de incendios forestais.
- Fomento da compostaxe nas vivendas unifamiliares.

iar e mellorar O Rosal



A candidatura do BNG no Rosal ao completo

7.- Mellora dos servizos municipais

Saneamento

- Remataremos a rede de Saneamento, nomeadamente, nos barrios de Sanxián e Portecelo.
- Equiparemos os custos de enganche á rede de saneamento. Todos os usuarios e usuarias deben pagar o mesmo polo mesmo servizo.

Auga

- Reclamaremos da Xunta a retirada da nova Lei de Augas, que crea un imposto e grava inxustamente aos veciños e veciñas polos seus pozos e traídas.
- Dotación de partidas orzamentarias para axudas ás traídas de auga veciñais.

Ensino

- Comprometémonos ao mantemento das escolas unitarias activas no CRA "María Zambrano".
- Solicitaremos da Consellaría de Educación, a creación do Instituto de Ensino Secundario que O Rosal precisa.
- Colaboración nas actividades extraescolares no ensino.
- Apoio ao deporte escolar.
- Estabeleceremos contacto coas familias do alumnado de estudos secundarios non obrigatorios, para facilitar o transporte aos centros da comarca.

Equipamentos

- Creación, ampliación e mellora de zonas de lecer en todas as parroquias e barrios.

8.- A participación veciñal, un dereito

- Fomentaremos o asociacionismo veciñal.
- Regularemos a participación nos Plenos de representantes veciñais.
- Crearemos os Consellos parroquiais e de xuradía.

9.- Deporte

- Apoio e fomento do deporte de base, así como os xogos populares e tradicionais.
- Crearemos, en coordinación cos clubs locais, Escolas Deportivas Municipais.
- Constituiremos o Consello Municipal de Deportes.
- Definiremos e crearemos unha Área Deportiva Municipal.

10.- Mocidade

- Impulsaremos a participación da mocidade no deseño das medidas que lle afecten, potenciando a súa autoorganización.

- Crearemos o Consello Municipal da Mocidade.
- Apoiaremos a recuperación do transporte nocturno as fins de semana.
- Promoción e apoio das manifestacións artísticas da mocidade.

11.- Seguridade Vial

- Elaboración de medidas para garantir a seguridade dos peóns nos núcleos urbanos, establecendo dispositivos de control de velocidade de vehículos.
- Promoveremos os carrís bicis nas estradas do concello.
- Fomentaremos o uso da bicicleta.

12.- Servizos mancomunados

- Elaboración dun proxecto para o establecemento dunha rede de transporte público intermunicipal.
- Creación dun servizo comarcal de recollida, garda e mantemento de animais abandonados.
- Creación dun roteiro turístico comarcal, que poña en valor todo o patrimonio cultural, paisaxístico e ambiental da comarca.

A Contracapa

“O éxito do BNG será o fracaso do PP”, di Guillherme na clausura dunha Convención que rexistou unha asistencia masiva

O BNG sae a gañar o partido das municipais



Os candidatos e candidatas do BNG, co portavoz nacional, Guillherme Vázquez

Máis de 1.500 persoas ateigaron o auditorio do Pazo de Congressos no acto central da Convención Electoral Municipal. A multitudinaria asistencia e a enerxía que enchía a sala confirmaron que, tal e como afirmou o portavoz nacional, Guillherme Vázquez, “este parti-

“**Estamos comprometidos sen medias tintas cos intereses de Galiza. De Botín e as grandes corporacións xa se ocupan outros**”

do saímolo a gañar. O éxito do BNG nas municipais será o fracaso do PP”, engadiu. Alí estaba o BNG abarrotando a sala e demostrando que “hai alternativa, proxecto. Hai solucións” e así se recolle nunhas listas renovadas practicamente ao 50%. A todos estes candida-

tos e candidatas dirixiuse Guillherme para lles dicir: “vós sodes a mellor demostración de que hai razón, hai BNG, hai futuro. Estamos comprometidos sen medias tintas, cos intereses de Galiza, co noso idioma, a nosa cultura, a sanidade, o ensino público, cos sectores produtivos básicos”, afirmou Guillherme, “é tempo de compromiso, de elixir campo e nós eliximos estar ao lado da xente e dos seus problemas. De Botín e as grandes corporacións xa se ocupan outros”, concluíu o líder nacionalista, quen pronunciou o discurso de clausura logo da intervención de 15 candidatos e candidatas. A Convención acolleu tamén a posta de longo da rede de ciberbloquear@s, integrada nesa xornada por máis de cen persoas, que retransmitiron o acto a través das redes sociais, minuto a minuto. Os seus máis de 2.000 tweets, cheos de graza e enxeño, algúns emulando até os cronistas deportivos, levaron a mensaxe do BNG a arredor de 5.000 persoas.



Unha imaxe da sala do Pazo de Congressos ateigada de público



Os asistentes aplaudiron con enerxía as intervencións

Como contactar co BNG do Rosal:

orosal@bng-galiza.org

Sede Comarcal: Telf. 986.609.009 - Fax 986.609.001

baixominho@bng-galiza.org

Como contactar co BNG Nacional:

Sede Nacional. Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.

15703 Santiago de Compostela. 981 555 850

www.bng-galiza.org

nacional@bng-galiza.org

